

Estimados pais e nais:

Do 5 ao 9 de febreiro realizaremos a **II SEMANA DE PROXECTOS**.

Durante esta semana, do mesmo xeito que fixemos no primeiro trimestre, todo o colexio traballará os contidos curriculares con esta nova metodoloxía.

Achegaranse ao noso colexio, en distintos momentos da semana, persoas que nos virán a informar sobre os temas que imos traballar: un apicultor en 1º EP; a encargada de turismo de Ferrol para as clases de 2º, 3º e 4º EP; membros das Rondallas para a clase de 2º EP, a visita dunha nutricionista, e o presidente da Asociación de vendedores do Mercado de Caranza para 5º EP.... A todos eles, dámoslles as grazas de antemán, pola súa disponibilidad.

O venres 9 de febreiro expoñeremos en cada clase os “produtos finais” dos proxectos realizados.

Gustaríanos convidarvos a que vos acheguedes á nosa clase, á hora que cada titor avisou, o venres 9 de febreiro, antes da festa do Entroido, para ensinarvos o que traballamos e poidades participar connosco nesta aprendizaxe.

Posteriormente, celebraremos o **ENTROIDO** no pavillón cuberto. A hora de comezo da festa, será ás 12:30 h. Gozaremos do ambiente festivo e dunha lambetada acompañada con leite.

Esperámosvos a todos, animándovos a que participedes e gocedes connosco, nesta semana de proxectos.

Atentamente: O Equipo Educativo.